

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, de data 4 de decembro de 2024, relativo á concesión dunha axuda de emerxencia social por importe de 250,00 euros ao beneficiario descrito no informe social do expediente SIUSS 2415 para atender ao pago de asistencia sanitaria.

En uso das facultades concedidas nos artigos 184, 185, 186 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como nos artigos 59 e seguintes do Real Decreto 500/90, esta Alcaldía, visto o informe de intervención, acorda:

Primeiro.

Que se autorice, dispoña e recoñeza un gasto por importe de 250,00 € correspondente á subvención directa de emerxencia social, aplicación orzamentaria, 23100.48000 Acción Social. Emerxencia social.

Segundo.

Que se traslade a presente resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería do Concello.

Terceiro.

Dar conta do presente Decreto ao Pleno na próxima sesión que este celebre.

O Alcalde,
Roberto José Alvarez Carrero

Documento asinado dixitamente á marxe

